

# CONTRA AS AUTORIZACIÓNS...

## MOBILIZACIÓN !!!

A recente concesión pola Consellería de Medio Ambiente das Autorizacións Ambientais Integradas (AAI) a ENCE e ELNOSA, supón un freo ás aspiracións da cidadanía da bisbarra que quere ver a Ría libre do complexo antes do 2018 e deixa en evidencia ao goberno da Xunta de Galicia que, lonxe de acometer o acordo programático asinado entre BNG e PSOE para eliminar o complexo de Lourizán, da un paso máis cara á súa consolidación, e ao Partido Popular, que aplaude efusivamente a decisión e –xa que logo- a permanencia do complexo na actual localización.

Non é certo que a decisión veña obrigada por “imperativo legal”, como gusta de repetir o conselleiro Pachi Vázquez: **nin ENCE nin ELNOSA cumpren os requisitos fixados pola Lei 16/2002 para a concesión da citada autorización ambiental.**

- 1.- Tanto ENCE como ELNOSA incumpren o RAMINP (Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas)
- 2.- ENCE incumpe a autorización de vertido para DBO, DQO, Sólidos en Suspensión e Fósforo total.
- 3.- Téñense superado os prazos de tramitación das autorizacións, o que –de acordo coa Lei- implica a súa desestimación.
- 4.- Nin ENCE nin ELNOSA teñen conquirido o Informe de compatibilidade urbanística do Concello de Pontevedra, un requisito preceptivo e vinculante segundo a Lei.

E non é certo tampouco que nestes 3 anos a Xunta de Galicia vaia acometer o desmantelamento do complexo. Non existe vontade política de facelo, e o sometemento da Xunta aos intereses empresariais é cada día máis evidente. Se tiveran vontade de solucionar o problema terían dado pasos neste sentido ao longo dos 3 anos que levan no goberno galego, e nada teñen feito; só pomposas declaracións nas que por certo deixan sempre claro que ENCE pode quedar en Lourizán ata 2018. Sen comentarios!.

Desde a APDR esiximos o **cese inmediato e definitivo da actividade de ENCE-ELNOSA na nosa Ría** polos problemas de contaminación, económicos e de calidade de vida e saúde que sigue a provocar, e a **dimisión do Conselleiro de Medio Ambiente** pola súa defensa do complexo e como responsable das consecuencias que para todos e todas nós se puideran derivar da presenza de ENCE-ELNOSA na actual localización. Convén non esquecer o recente accidente dunha planta de cloro-sosa na localidade barcelonesa de Gualba, un accidente que se pode producir en Lourizán en calquera momento.

Fronte á ilegalidade, fronte á irracionalidade e o engano, só cabe a mobilización social.

## MARCHA CONTRA CELULOSAS

Sábado, 14 de xuño ás 20:30 horas

SAÍDA DAS ALAMEDAS DE MARÍN E PONTEVEDRA

Ao remate: FESTA-POLBADA NA PRAZA DO TEUCRO

